

## ACTA DA COMISIÓN DE CALIDADE DO DÍA 21 DE XUÑO DE 2016

Acta da reunión dos membros da comisión de calidade que tivo lugar o día 21 de xuño de 2016 ás 10:00 no seminario<sup>1</sup>, coa presenza dos abaixo indicados<sup>1</sup> e coa seguinte orde do día:

### ORDE DO DÍA

1. Revisión das guías docentes presentadas e adecuación das mesmas á memoria verifica
2. Revisión dos informes de avaliación interna de seguimento dos títulos oficiais de grao e mestrado
3. Concreción das posibles accións de coordinación de cara á renovación da acreditación o curso 2016/17
4. Suxestións e preguntas

<sup>1</sup> RELACIÓN DE ASISTENTES: Antón Ogando Ana P., Álvarez Lires María Mercedes, García Soidán José Luís, Lorenzo Rial Verónica, Rey Eiras Ezequiel, Romo Pérez Vicente, Soto Carballo Jorge, Varela Casal Cristina, Viaño Santasmarinas Jorge.

Comeza a sesión ás 10:05 seguindo a orde do día.

- (1) Acórdase enviar un correo ao profesorado confirmando as datas de entrega das guías docentes e lembrando a necesidade de que estas se axusten á memoria verificada de xeito literal, tanto nas competencias como nos contidos.  
Se lembrará asimismo a necesidade de coordinarse cos graos homólogos que se imparten en Vigo e Ourense así como a obriga de publicar as guías en galego e castelán para o que se dispón dunha ferramenta específica no aplicativo.
- (2) O vicedecano de calidade informa de que feita a revisión dos informes de avaliación interna de seguimento dos títulos oficiais de grao e mestrado non se presentarán alegacións.
- (3) De cara á renovación da acreditación o curso 2016/17, coméntase a necesidade de lembrar o procedemento ao profesorado do centro para poder ter disponibles as evidencias relativas á docencia. Plantéxase a necesidade de concretar en futura reunión un calendario para notificar a cada una das figuras da facultade (PDI, PAS, alumnado etc) as súas obrigas e funcións de cara ao proceso de renovación da acreditación
- (4) O profesor José Luís García Soidán solicita que o turno de intervención dos coordinadores en futuras reunións se estableza de xeito rotatorio

Remata a reunión ás 11:15

Pontevedra, 21 de xuño 2016

Vº E PRACE, O VICEDECANO DE CALIDADE

Vº E PRACE, A SECRETARIA



Ezequiel Rey Eiras



Cristina Varela Casal